

# O desenvolvemento da competencia plurilingüe entre as prioridades da Administración educativa galega

## Xabier San Isidro

Asesor de Linguas Estranxeiras  
Consellería de Educación  
[xsanisidro@edu.xunta.es](mailto:xsanisidro@edu.xunta.es)

Segundo o último informe do Grupo de Alto Nivel sobre Multilingüismo (2007), existe unha tendencia xeral en moitos países da Unión tocante a fórmulas relacionadas co fomento da aprendizaxe de linguas estranxeiras: o modelo CLIL e a anticipación do ensino da primeira lingua estranxeira a idades temperás como grandes liñas de actuación, por unha banda, e as fórmulas de motivación cara á aprendizaxe de linguas, por outra.

A Administración educativa galega, coma o resto das administracións españolas, pon en práctica as devanditas liñas de actuación. No que respecta á anticipación da primeira lingua estranxeira (Early Language Learning), o 84% dos centros galegos que imparten o segundo ciclo de educación infantil participan no proxecto de anticipación, regulado na Orde do 30 de abril de 2007, pola que se convoca a realización de proxectos de anticipación da primeira lingua estranxeira no segundo ciclo de educación infantil, DOG do 10 de maio.

Por outra parte, os modelos de aprendizaxe integrada de contidos e lin-

gua estanse convertendo no verdadeiro motor de cambio no ensino en Europa, e tamén en Galicia. Nos últimos anos a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria desenvolveu o Plan de seccións europeas en centros de ensino secundario, con base no modelo CLIL, aprendizaxe integrada de contidos e lingua estranxeira, que consiste en impartir unha materia non lingüística nunha lingua estranxeira, ou ben, en reforzar o ensino e aprendizaxe da lingua estranxeira a través de contidos curriculares. Este plan principiou no ano 1999 cun proxecto experimental. Amais, a Orde do 31 de maio de 2006 (DOG do 12 de xuño), fixo pública unha convocatoria para seleccionar 10 centros que impartisen aulas bilingües; dito doutro modo, tratábase de pilotar experiencias de ensino CLIL en ensinanza primaria. A Orde do 18 de abril de 2007, DOG do 7 de maio, crea e regula as seccións bilingües na Comunidade Autónoma de Galicia. No curso 2007/2008 un total de 115 centros de primaria e secundaria imparten o modelo CLIL con máis de 300 seccións bilingües.



Pero á parte destas dúas grandes liñas de actuación relacionadas co ensino e aprendizaxe das linguas estranxeiras, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria está levando a cabo diferentes fórmulas relacionadas co fomento do feito plurilingüe, no referente aos seguintes parámetros: motivación, formación do profesorado en servizo e TICs. A Orde do 1 de xuño de 2007, DOG do 12 de xuño, establece o programa CUALE, cursos para a formación complementaria da aprendizaxe de linguas estranxeiras nos institutos de educación secundaria e centros integrados de formación profesional da Comunidade Autónoma de Galicia.

Este programa inclúe formación complementaria, tanto para o profesorado como para o alumnado de linguas estranxeiras, partindo dos niveis do Marco común europeo de referencia para as linguas, dentro do propio centro e en horario non lectivo. Existen tres modalidades dependendo do tipo de alumnado: CUALE-ESO, para alumnado de 3.º e 4.º de ESO, CUALE-FP, para alumnado de formación profesional; e CUALE-PROF, para profesorado non especialista da lingua estranxeira obxecto de estudo. A finalidade deste programa é concienciar o profesorado e o alumnado da necesidade de mellorar a competencia en comunicación lingüística nas linguas estranxeiras, aproveitando os recursos do propio centro.

Co fin de facilitar a presenza de auxiliares de conversa nos centros de ensino non universitario, a Comunidade Autónoma de Galicia introduce dous programas en ensinanza primaria e secundaria: o primeiro a través de convenios bilaterais con diferentes países europeos e en colaboración co MEC (36 auxiliares); o segundo, por medio dun convenio coas universidades de Santiago de Compostela e Vigo, que pon a disposición un total de 120 auxiliares de conversa procedentes do programa ERASMUS.

Os diferentes programas de inmersión lingüística, tanto para o alumnado de ensino primario como secundario (Orde do 10 de xaneiro de 2008, DOG do 17 de xaneiro) inclúen a participación en campamentos bilingües ou en estadias en Canadá, Irlanda, Reino Unido e Francia durante o verán. O fo-

mento da motivación no estudo das linguas estranxeiras, a mellora da competencia en comunicación lingüística e da competencia intercultural do alumnado, son os alicerces dos programas de inmersión lingüística, nos que van participar no presente curso uns 2.800 estudantes.

Para levar a termo todas estas accións, a formación do profesorado en servizo é un aspecto fundamental, no que respecta á mellora da súa competencia lingüística e metodolóxica. Precísanse itinerarios formativos completos que motiven e capaciten o profesorado para enfrontarse aos novos desafíos relacionados coa construción da identidade plurilingüe e pluricultural da Europa do século XXI. Ademais da rede de formación, a través da que o profesorado galego xa se está formando, son necesarios, non só programas de inmersión lingüística para docentes, como as estadias no estranxeiro (Orde do 7 de marzo de 2008, DOG do 18 de marzo), senón tamén novos itinerarios formativos que atendan ás novas necesidades lingüístico-metodolóxicas do profesorado, relacionado dunha maneira ou doutra coas linguas estranxeiras.

O Programa de apoio ao ensino e aprendizaxe das linguas estranxeiras, PALE, vén atender esas demandas vinculadas ás directrices europeas: profesorado de inglés en educación infantil, profesorado de inglés ou francés de primaria e profesorado CLIL (de seccións bilingües) de primaria e secundaria. O programa PALE consta dun itinerario formativo completo dividido en tres fases: unha primeira de formación en competencia lingüística nas escolas oficiais de idiomas, unha segunda de inmersión e formación metodolóxica no país onde se fala a lingua estranxeira, e unha terceira de elaboración de materiais didácticos para o seu uso na aula. O programa ten, polo tanto, unha dobre vantaxe: por unha banda, fórmase aos e ás docentes; e por outra, a repercusión sobre a aula é real e directa. No curso 2006/2007, déuselles formación a 90 docentes e no 2007/2008 están a adquirir 150. Ademais destes programas formativos, no curso pasado creouse unha nova modalidade de licenzas por estudos para o perfeccionamento en linguas estranxeiras no exterior. Esta mo-

dalidade vai dirixida ao profesorado especialista de lingua estranxeira e ao novo profesorado CLIL. Tamén se incluíu na convocatoria de premios á innovación educativa unha epígrafe para a creación de materiais relacionados co plurilingüismo.

Estamos, pois, nun momento de renovación e de cambio, paralelo á imparábel evolución tecnolóxica, que necesita novas ferramentas para o seu desenvolvemento. O portal de contidos educativos ([www.edu.xunta.es/contidos](http://www.edu.xunta.es/contidos)) ofrece, non só un amplo abano de materiais agrupados por niveis e áreas ou materias, senón tamén de manuais de uso de ferramentas TIC, que redundan na mellora do labor docente. Máis vinculado ás linguas está o portal de linguas estranxeiras ([www.edu.xunta.es/linguasestranxeiras](http://www.edu.xunta.es/linguasestranxeiras)), plataforma web para todas as accións que se levan a cabo en Galicia relacionadas coas linguas estranxeiras: mapas interactivos, materiais elaborados polo propio profesorado, recursos, foros, acceso directo ás webs dos centros e ás plataformas moodle do propio profesorado, etc.

Pero no proceso de globalización unificadora, as linguas rexionais e minoritarias teñen que xogar un papel importante nunha Europa formada polas diferenzas. Por iso existen outras accións que mostran o empeño da Administración educativa galega por fomentar o feito plurilingüe, avalado cunha clara aposta polos programas europeos, os intercambios lingüísticos, o programa de apoio ao uso do galego en educación infantil, o programa LALO (de apoio á aprendizaxe e cultura portuguesa), o programa LACM (de apoio á lingua árabe e cultura marroquí) e a constante busca de novos vieiros para promover a aprendizaxe de linguas.

O proxecto lingüístico dos centros, fundamentado nunha visión non compartimentada do ensino das linguas, é dicir, dentro do enfoque TIL (tratamento integrado das linguas) deberá xestionarse, por conseguinte, dende unha perspectiva plurilingüe, negociando e procurando o consenso no obxecto de aprendizaxe e no proceso de ensino e aprendizaxe das linguas.